



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 23-02-2023

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 11 horas do día 23 de febreiro de 2023, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO (Asistencia telemática)

SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES.-

D^a. NOELIA MARÍA VARELA SUÁREZ

D^a MARÍA TERESA CHOUCIÑO CALVETE

SECRETARIO ACCIDENTAL: D. EMILIO CAÍNZOS QUINTÁS.

INTERVENTORA: D^a. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ (Asistencia telemática)

Motivación da sesión extraordinaria:

Tendo en conta que a Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria o primeiro e terceiro luns de cada mes, e dado que non se convocaron as sesións ordinarias correspondentes ao mes de febreiro por falta de asuntos, e tendo varios expedientes de solicitudes de subvencións suxeitos ao cumprimento dos prazos legais establecidos nas súas convocatorias pendentes de solicitude, dado que ata o día 6 de marzo de 2023 non correspondería celebrar a vindeira sesión ordinaria.

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente exixido polo artigo 113.1.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1.- Lectura e aprobación, se procede, do borrador das actas das sesións anteriores. Acta da sesión extraordinaria celebrada o 13-02-2023

Pola presidencia pregúntase aos asistentes se hai algunha observación.

Ao non formularse ningunha, enténdese aprobada por unanimidade.

2.- Contratación



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

2.1. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA OBRA “NOVO COLECTOR DE INTERCEPCIÓN DA REDE DE PLUVIAIS EN PONTECESO E MELLORA DA DRENAXE DO XUNCAL” (POS+COMPLEMENTARIO 2022) EXP. 2022/C003/000003.

Esta Alcaldía, aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, entendeu necesario que se tramitara un contrato de obras denominado “NOVO COLECTOR DE INTERCEPCIÓN DA REDE DE PLUVIAIS EN PONTECESO E MELLORA DA DRENAXE DO XUNCAL” (POS+COMPLEMENTARIO 2022) EXP. 2022/C003/000003, cun valor estimado de 193.299,94 euros, IVE 40.592,99 euros, totalizando un orzamento base de licitación de 233.892,93 euros, e segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm. 22992, e cun prazo de execución de 6 meses, recolléndose no correspondente Proxecto de Obras os Pregos de Prescricións Técnicas polos que se rexerá a licitación, aprobado o expediente de contratación pola Xunta de Goberno Local de data 17-10-2022, o cal contén toda a documentación prevista nos artigos 231 e 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017, empregando o procedemento aberto simplificado consonte o artigo 159 da LCSP, tramitación ordinaria e licitación electrónica por medio da Plataforma de Contratos do Sector Público, e o Prego tipo aprobado pola Deputación Provincial da Coruña.

Consta no expediente a retención de crédito con cargo á aplicación orzamentaria 2022.160.623.00 polo importe de 233.892,93 euros, crédito cuxo remanente incorpórase ao vixente orzamento, e para o que se conta co financiamento necesario concedido pola Deputación da Coruña por medio do POS+ Complementario 2022, e pola totalidade do orzamento base de licitación, de conformidade co preitado proxecto aprobado polo Pleno o 10-02-2022, posteriormente modificado a requirimento da Deputación da Coruña, e aprobado polo Decreto da Alcaldía núm. 339/2022 o 09-05-2022.

Consta no expediente acta de cesión dos terreos, de data 09-05-2022, asinada pola propietaria. Constan no expediente as autorizacións sectoriais preceptivas para a execución das obras: 1º. Autorización na zona de servidume de tránsito e de protección do dominio público marítimo terrestre, emitida pola Dirección Xeral de Urbanismo. 2º. Autorización en dominio público marítimo terrestre emitida pola Demarcación de Costas do Estado. 3º. Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, por obras no dominio público da estrada AC413. 4º. Declaración responsable presentada perante Augas de Galicia. Consta o informe técnico emitido polo Arquitecto Técnico Municipal na data de 07-10-2022, no que se acredita que as obras executaríanse afectando só a terreos de titularidade municipal, polo que existe a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, así como a acta de replanteo posterior á aprobación proxecto, emitida polo técnico municipal na data de 14-10-2022, así como o informe do técnico de Administración Xeral, coordinador xeral, como xefe da dependencia de contratación de data 13-10-2022, e os pregos de cláusulas administrativas particulares empregando os prego tipo aprobados pola Deputación Provincial da Coruña para o procedemento aberto simplificado, previsto no art. 159.1 da LCSP, con pluralidade de criterios de adxudicación.

Constan os informes preceptivos de secretaría e intervención de data 14-10-2022.

Constan os documentos xustificativos da súa tramitación electrónica e publicidade por medio da Plataforma de Contratación do Sector Público, así como as actas das reunións celebradas pola



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

mesa de contratación e da súa proposta de adjudicación acordada na reunión de data 07-02-2022 a favor da oferta considerada con mellor relación calidade-prezo que correspóndese coa empresa CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L., no prezo de 185.530,00 euros, máis 38.961,30 de IVE, totalizando 224.491,30 euros e demais condicións da súa oferta. Consta a acta da celebrada o día 17-02-2022 na que se cualificou a documentación presentada pola proposta como adjudicataria e esixida na cláusula 16 do PCA, entre a que se encontra a garantía definitiva polo importe do 5% da súa oferta económica, excluído o IVE, acordando darlle a súa conformidade.

Constan as ofertas económicas presentadas para o control de calidade da execución da obra solicitadas a tres empresas capacitadas, sendo a correspondente a GESTECNIC polo importe de 1.612,12 euros, IVE incluído a que presenta o prezo máis baixo, igualmente para a coordinación da seguridade e saúde da obra solicitouse a presentación de oferta económica a tres empresas capacitadas, sendo a correspondente a EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, SL, polo importe de 1.633,50 euros, IVE incluído

Consta o informe de fiscalización favorable emitido pola intervención municipal de data 20-02-2023 no que consta a existencia de crédito na partida orzamentaria 2023.160.2DD.623.00.

A Disposición adicional segunda da LCSP establece que a competencia para contratar será do Alcalde cando o importe do contrato non exceda o 10% dos recursos ordinarios, en caso de que exceda a competencia é do Pleno. O valor estimado do proxecto é de 175.596,16 euros. De conformidade coa resolución de alcaldía pola que se aproba a prórroga orzamentaria do orzamento do exercicio 2020 para o exercicio 2023 os recursos ordinarios ascenden a 4.721.026,17 € (sumatorio das previsións iniciais dos capítulos 1 a 5, a ambos inclusive, do orzamento de ingresos), polo que o Alcalde é o órgano competente para a tramitación dos contratos ata o importe de 472.102,62 € e cunha duración (incluídas as prórrogas) de ata 4 anos.

Considerando que a sobredita competencia delegouse na Xunta de Goberno Local pola resolución da alcaldía núm. 374/2019, do 26-06-2019.

Por todo o anterior, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente e, en concreto, en virtude do disposto na Disposición Adicional Segunda da LCSP, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Adjudicar o contrato de obras denominado “NOVO COLECTOR DE INTERCEPCIÓN DA REDE DE PLUVIAIS EN PONTECESO E MELLORA DA DRENAXE DO XUNCAL” (POS+COMPLEMENTARIO 2022) EXP. 2022/C003/000003, á empresa **CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, SL**, polo importe de 185.530,00 euros, mais 38.961,30 de IVE, totalizando 224.491,30 euros, cun prazo de execución de seis meses, e demais condicións da súa oferta, ao ser considerada a de mellor relación calidade-prezo.

Segundo.- Dispoñer un gasto por importe de 224.491,30 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2023.160.2DD.623.00.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Terceiro.- Nomear como director da obra ao enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm. 22992, quen exercerá tamén as funcións de responsable do contrato, como sinala o artigo 62 da Lei de Contratos do Sector Público.

Cuarto.- Nomear á empresa **EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.** como coordinador de seguridade e saúde.

Quinto.- Nomear á empresa **GESTECNIC** para realizar as tarefas de control de calidade externa.

Sexto.- Notificar o acordo ao director da obra e responsable do contrato, ó coordinador de seguridade e saúde, á empresa que realizará as tarefas de control de calidade externa, así como ás empresas licitadoras e ó contratista, e emprazalo para que no prazo máximo de 15 días hábiles, consonte ao artigo 153.3 da LCSP, contados a partires do seguinte a aquel no que reciba a notificación deste acordo, proceda a sinatura do contrato, debendo previamente comunicar o nome da persoa con poder suficiente para a súa sinatura, no nome e na representación da empresa.

Sétimo.- Publicar a adjudicación definitiva e a sinatura do contrato no Perfil do Contratante.

Oitavo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto na Lei 9/2017, de contratos do sector público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

3.- Subvencións.

3.1 SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) PARA O EXERCICIO DO ANO 2023 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO TR351G).

Vista a Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do 9 de xaneiro de 2023, publicada no Dog. núm.22 do 1 de febreiro de 2023, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (código de procedemento TR351G). Visto o expediente tramitado ao efecto de solicitude desta subvención “2023/A008/000015” Aprol Rural 2023. (TR351G).

Vista a memoria de Alcaldía de data.15 de febreiro de 2023 de gastos previstos correspondentes á contratación dos traballadores, nos que se integran os custos laborais, vestiario e curso de prevención de riscos, e que ascenden á contía de 33.830,42€.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e normativa concordante.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Considerando que a solicitude de subvencións está atribuída polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, LRBRL á Alcaldía , a cal delegouse na Xunta de Goberno Local pola resolución núm 374/2019, do 26-06-2019.

Polo anterior, elévolle á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Solicitar a subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) (código de procedemento TR351G polo importe de 27.940€ para a contratación de dous “operarios de servizos xerais” durante 9 meses a tempo completo, sendo o orzamento total de 33.830,42€, dos que 5890,42€ corresponderán á aportación municipal.

SEGUNDO.- Facultar ao alcalde, Xosé Lois García Carballido, para as actuacións precisas para a execución do presente acordo.

TERCEIRO.- Remitir en prazo á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a documentación esixida nas bases da convocatoria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

3.2 SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DIRIXIDA A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA), E SE APROBA A SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2023 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO TR351F).

Vista a Orde do 9 de xaneiro de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade publicada no DOG núm. 22 do 1 de febreiro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR351F).

Visto o expediente tramitado ao efecto de solicitude desta subvención “2023/A008/000016.RISGA 2023”. Vista a memoria de Alcaldía de data 16 de febreiro de 2023 na que se desglosan os gastos totais derivados da contratación dos traballadores, nos que se integran os custos laborais, vestiario e curso de prevención de riscos, e que ascenden a contía de 26.139,04€.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e normativa concordante.

Considerando que a solicitude de subvencións está atribuída polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, LRBRL á Alcaldía , a cal delegouse na Xunta de Goberno Local pola resolución núm 374/2019, do 26-06-2019.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Polo anterior, elévolve á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Acordar a solicitude de subvención para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) (código de procedemento TR351F), polo importe de 17.896,87€ para a contratación de 2 operarios/peóns de servizos de interese social, que prestarán servizos encomendados propios das tarefas da actividade municipal durante un período de 9 meses a un 75% da xornada laboral, sendo o orzamento total de 26.139,04€ dos que 8.242,17 .corresponderán á aportación municipal.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde, Xosé Lois García Carballido, para as actuacións precisas para a execución do presente acordo.

TERCEIRO.- Remitir en prazo á Consellería de Emprego e Igualdade a certificación do presente acordo xunto co resto da documentación esixida nas bases da convocatoria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

3.3 SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2023 DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA PEL-CONCELLOS 2023.

Vista a Resolución de Presidencia, núm. 2023/39428 de 17/01/2023 pola que se aprobaron as bases reguladoras do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia, PEL-CONCELLOS 2023, publicada no BOP número 13 do 19 de xaneiro do 2023. Visto o expediente tramitado ao efecto de solicitude desta subvención con nº “2023/A008/000006” PEL CONCELLOS 2023.

Vista a memoria de Alcaldía de data 16 de febreiro de 2023 na que se desglosan os gastos totais, correspondentes a contratación dos traballadores, nos que se integran os custos laborais, vestiario e curso de prevención de riscos, e que ascenden á contía de 44.895,86 euros.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e normativa concordante.

Considerando que a solicitude de subvencións está atribuída polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL, á alcaldía, a cal delegouse na Xunta de Goberno Local pola resolución núm. 374/2019, do 26-06-2019.

Polo anterior, elévolve á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

PRIMEIRO.- Acordar a adhesión do concello ao PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2023 mediante a execución de obras e servizos básicos e esenciais municipais da Deputación da Coruña a anualidade 2023, de acordo coas contías, obrigas e compromisos nel establecidas.

SEGUNDO.- Solicitar a subvención do PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2023 de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia polo importe de 40.000 € para a contratación de 4 operarios durante 6 meses para a execución de obras e servizos municipais básicos, sendo o orzamento total de 44.895,86 euros, dos que 4.895,86 euros corresponderán á aportación municipal.

TERCEIRO.- Facultar ao alcalde, Xosé Lois García Carballido, para as actuacións precisas para a execución do presente acordo.

CUARTO.- Remitir en prazo á Deputación da Coruña a documentación esixida nas bases da convocatoria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

3.4 SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A CONCELLOS PARA O APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA POR ANTICIPADO DE GASTO PARA O ANO 2023 CÓDIGO DE PROCEDIMENTO (TU500A). -FESTA DO PERCEBE DO RONCUDO 2023- (DOG Núm.139 .Mércores, 23 de xullo de 2014- — EXPEDIENTE: 2023/A008/000014.

No DOG núm. 17, do mércores, 25 de xaneiro do 2023, saíron publicadas as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria por anticipado de gasto para o ano 2023 (código de procedemento TU500A).

Visto o expediente 2023/A008/000014 tramitado ao efecto desta solicitude de subvención para sufragar o investimento vinculado ao apoio, promoción e difusión da XXXI Festa do Percebe do Roncudo declarada festa de Galicia, de interese turístico (DOG Núm. 139. Mércores, 23 de xullo de 2014 O importe do proxecto da XXXI Festa do Percebe do Roncudo é de 15.085€ (Memoria/conceptos /€) O Concello de Ponteceso SOLICITA á AXENCIA TURISMO DE GALICIA 3.000€ Anexo II + A COLABORACIÓN DE ABANCA 1.500€ para sufragar o investimento vinculado ao apoio, promoción e difusión da XXXI Festa do Percebe do Roncudo 2023.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e normativa concordante. Considerando a atribución concedida ao Alcalde polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e a Resolución de Alcaldía 374/2019 e 283/2020 de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Polo anterior, propóñolle á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO: Acordar SOLICITAR una subvención para sufragar o investimento vinculado ao apoio, promoción e difusión da XXXI -Festa do Percebe do Roncudo, que terá lugar un sábado



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

da primeira quincena do mes de xullo de 2023–según mareas- na vila mariñeira de Corme, no Concello de Ponteceso, segundo as bases publicadas no DOG núm.17 do 25/01//2023, de acordo coas contías establecidas no cadro de orzamento e coas obrigas e compromisos recollidos no resto da documentación.

SEGUNDO: Facultar ao Alcalde, Xosé Lois García Carballido, para as actuacións precisas.

TERCEIRO: Remitir en prazo á AXENCIA TURISMO DE GALICIA a documentación esixida nas bases da convocatoria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

3.5 Solicitud de acordo de adhesión ao programa de subvencións dirixido a concellos e agrupación de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2023 Convocatoria DP0029/2023 (BOP Núm.26.Martes 7 de febreiro de 2023 Expediente 2023/A008/000017

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) núm.26 , do martes, 7 de febreiro de 2023, publicáronse as Bases Reguladoras da Convocatoria do programa de subvencións dirixidas a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña, para o financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2023 Resolución da Presidencia nº 4830/2023, de 8 de febreiro/2023. Convocatoira DP0029/20223.

Visto o expediente tramitado ao efecto de solicitude desta subvención 2023/A008/000017.Turismo.. Financiamento do gasto de persoal da oficina de Turismo do Concello de Ponteceso durante o exercicio 2023. Solicítase o importe de 13.059,86€ para o persoal da oficina de Turismo (2 persoas durante 3 meses cada unha).

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; na Lei 7/85, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, se Subvencións de Galicia e normativa concordante. - Considerando as atribucións concedida ó Alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e á Resolución de Alcaldía 374/2019 e 283/2020 de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Acordar a solicitude de subvención para o financiamento do gasto de persoal da oficina de turismo en 2023 (2 persoas durante 3 meses cada unha) (13.059,86€), (Convocatoira DP0029/2023), segundo ás bases publicadas no Boletín Oficial da provincia da Coruña (BOP) núm. 26 do martes, 7 de febreiro de 2023, de acordo coas bases, obrigas e compromisos recollidos na documentación.

SEGUNDO.- Facultar ao alcalde, Xosé Lois García Carballido, para as actuacións precisas para a execución do presente acordo



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

TERCEIRO.- Remitir en prazo á Deputación da Coruña a certificación do presente acordo xunto co resto da documentación esixida nas bases da Convocatoria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 11.15 horas do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, do que como secretario dou fe, asinádoas xunto co alcalde.

O alcalde

O secretario accidental

Xosé Lois García Carballido

Emilio Caínzos Quintás

Documento asinado electronicamente á marxe.